

## **PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN POR LOTES DO PROGRAMA LIDERA. OFERTA FORMATIVA PARA A MOCIDADE.**

### **1. OBXECTO**

O obxecto do contrato é o desenvolvemento do programa formativo LIDERA para a mocidade do Concello de Ames, divididos en seis lotes:

- Lote nº1: Curso de primeiros auxilios
- Lote nº2: Curso de linguaxe de signos
- Lote nº3: Máis que 2.0
- Lote nº4: English Today!
- Lote nº5: Reforzo educativo
- Lote nº6: Curso homologado de Monitor de tempo libre

Dito programa, dirixido á poboación moza do Concello de Ames, deberá ser prestado conforme ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

### **2. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

#### **a) Obrigas do adxudicatario**

- 1) Contratará ao persoal necesario, dacordo coa lexislación vixente para o desenvolvemento e coordinación do programa.
- 2) Todo o persoal que se encargue do desenvolvemento das actividades, deberá acreditar a súa formación específica para o desenvolvemento do programa, así como a súa experiencia neste tipo de actividades, que deberá posuír xa antes do inicio do contrato así como mantelo durante a vixencia do mesmo. Acreditarase mediante o correspondente título oficial, se fose preciso, vida laboral así como o seu currículo profesional.
- 3) Supervisar que se cumpren os horarios.
- 4) Informar ao responsable da Concellería de Mocidade de calquera circunstancia que aconteza dentro do desenvolvemento do programa.
- 5) Servir de interlocutor entre a Concellería de Mocidade e o alumnado dos cursos.
- 6) Elaborar informes de asistencia mensual, co número de horas impartidas, incidencias que podan xurdir no desenvolvemento das clases.
- 7) Utilizar con dilixencia as instalacións municipais nas que se vai a desenvolver o programa, repoñendo no seu caso as desfeitas ocasionadas na execución do contrato.
- 8) Queda obrigado a realizar un seguro de responsabilidade civil como mínimo de 300.000€ por sinistro, requisito que será esixible con carácter previo á formalización do contrato.
- 9) Supervisar o programa de actividades coa dirección técnica municipal cando esta así o requira.
- 10) Montar e desmontar, recoller o material empregado nas aulas e deixar as instalacións en perfecto estado. Naquelas actividades, onde sexa necesario o emprego de chaves por parte da empresa, será esta a responsable das mesmas.
- 11) Distribuír o material e o equipamento que o concello poña á súa disposición para o funcionamento do programa, encargándose do seu coidado e bo uso.

- 12) Realizar unha enquisa de satisfacción e de suxestións ao remate de cada curso, entregando os resultados á dirección técnica da Concellería de Mocidade.
- 13) Presentar unha memoria final dos servizos prestados (informe, fotografías, etc.).
- 14) Satisfacer ao seu cargo todos os gastos de persoal. O adxudicatario ten a obriga de cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia de Dereito do Traballo, Seguridade Social, a lexislación reguladora da Industria, Seguridade e Hixiene no Traballo e calquera outra de xeral observancia. O persoal contratado polo adxudicatario, dependerá única e exclusivamente deste, e non terá relación laboral ningunha co Concello de Ames.
- 15) Ademais das obrigas recollidas expresamente nesta cláusula, será de aplicación o emprego do galego en todas as actividades derivadas da execución do contrato, segundo o establecido na Ordenanza reguladora do Impulso de Galego no Concello de Ames, así como respectar o Manual de Imaxe Corporativa na documentación que se xere a raíz do desenvolvemento do contrato.
- 16) Todo o persoal que interveña nos traballos quedará obrigado a tratar de forma confidencial a información facilitada pola Administración, así como a manexar as instrucións e condicións de seguridade que dite o Concello (Lei de Protección de Datos).

**b) Beneficios do adxudicatario**

O adxudicatario percibirá a cantidade correspondente a multiplicar o número de horas impartidas polo prezo por hora establecido na oferta económica do adxudicatario do concurso.

**c) Obrigas e dereitos do Concello**

- 1) Realizará as inscricións nas distintas accións formativas programadas.
- 2) Unha vez realizadas as inscricións, o concello comunicará á empresa adxudicataria a posta en marcha do servizo.
- 3) Manterá os servizos indicados polo tempo estipulado, sempre que non exista causas graves que motiven a finalización do servizo.
- 4) Controlará en coordinación coa empresa adxudicataria a asistencia a cada acción formativa. Para isto, os docentes pasarán lista os días de desenvolvemento dos cursos, e os técnicos municipais poderán acceder ás instalacións en horas de execución da actividade sen previo aviso, a fin de comprobar a asistencia e o grao de satisfacción do alumnado.
- 5) Cederá as instalacións municipais, o equipamento específico das instalacións e o persoal de mantemento das mesmas, podendo modificar os horarios e as instalacións das actividades por necesidades do servizo, previa audiencia da entidade adxudicataria.
- 6) O Concello de Ames fixará os horarios e lugares de impartición dos cursos do programa.

**d) Coordinación técnica**

O Concello de Ames disporá dunha persoa responsable da dirección técnica do programa que realizará as seguintes funcións:

- 1) Coordinar as actividades coa empresa contratante.
- 2) Determinar as directrices ou premisas da organización do curso (reunións periódicas, supervisión,...), xestión do servizo e ordenación das modificacións na prestación do mesmo que o interese público aconselle, así como establecer os indicadores e requisitos de calidade a cumprir pola empresa adxudicataria.

- 3) Informar os plans de traballo técnicos propostos pola empresa (planificacións operativas dos proxectos do presente prego, obxectivos a conseguir, tarefas a desenvolver, distribución de recursos humanos, temporalidade das actividades,...).
- 4) Dar o visto e prace das altas e baixas de participación da actividade.
- 5) Inspeccionar e avaliar o servizo prestado.
- 6) Mediar naquelas situacións de conflito que puideran xurdir coas persoas participantes do programa.
- 7) Determinar o número máximo e mínimo de participación en cada grupo.

**e) Temporalidade de prestación do servizo**

O programa formativo LIDERA desenvolverase entre os meses de xaneiro e outubro nos horarios, días e lugares previamente sinalados polo concello.

**f) Lugar de prestación do servizo**

De xeito xeral, establécese que o servizo será prestado en instalacións municipais do Concello de Ames. O concello resérvase a posibilidade de ampliar ou modificar os lugares de prestación do servizo, cando existan razóns de interese público que así o aconsellen.

### 3. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DE CADA ACCIÓN FORMATIVA

Debido a que cada curso ten uns obxectivos específicos e que as características e formación de quen as imparte teñen que ser diferentes, é a razón que fundamenta a impartición dos mesmos independentemente por lotes:

#### LOTE nº1.- CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS

O curso de Primeiros Auxilios contempla contidos básicos sobre primeiros auxilios, desde o mantemento do soporte vital básico e inmovilización de persoas enfermas ou feridas a intervencións fronte feridas, contusións, queimaduras ou traumatismos en calquera contexto de actuación.

As competencias en primeiros auxilios poden converterse nun elemento destacable no currículo persoal dos mozos e mozas, tanto dende o ámbito do desenvolvemento persoal como dende o ámbito profesional. Así mesmo, a formación en primeiros auxilios chega a ser un elemento imprescindible en perfís profesionais que desenvolven a súa actividade con todo tipo de colectivos, estendéndose a súa aplicabilidade a diferentes contextos dados no medio natural como o lecer e o tempo libre ou o deportivo. Esta acción formativa está dirixida a mozos/as a partir dos 16 anos. O número máximo de prazas é de 20, establecéndose un mínimo de 11 alumnos/as para poder levarse a cabo.

O obxectivo principal deste lote é o de coñecer os fundamentos básicos dos primeiros auxilios. Aplicar as técnicas de reanimación cardiopulmonar (RCP) cando sexa necesaria. Coñecer técnicas básicas para poder actuar ante unha persoa que presente hemorragias, feridas, queimaduras ou con traumatismos e mobilizar correctamente a esa persoa.

Ao comezo do curso presentarase un programa cos distintos contidos que se desenvolverán durante o mesmo.

Esta acción formativa estará guiada por un docente especialista na materia. Ao remate da mesma o alumnado recibirá un diploma acreditativo en caso de superar con éxito o curso.

No seguinte cadro queda reflectido de maneira orientativa a estrutura do curso, o número de horas semanais, o lugar de realización e o número de prazas estimadas.

CURSO	LUGAR	HORAS/SEMANA	Nº PRAZAS
PRIMEIROS AUXILIOS (20H)	BERTAMIRÁNS OU MILLADOIRO (Casas da Cultura, Pazo da Peregrina, Centro de Formación, etc.)	Entre 2 e 4 (horario por determinar)	20

## LOTE nº2.- CURSO BÁSICO DE LINGUAXE DE SIGNOS ESPAÑOLA

O curso básico de linguaxe de signos capacita á mocidade a adquirir as habilidades básicas necesarias para comunicarse en lingua de signos e dotar ao alumnado dun nivel de comprensión e expresión básico para comunicarse no ámbito social, laboral e comercial.

A pretensión deste curso básico é que o alumnado adquira as ferramentas necesarias para o desenvolvemento das principais destrezas comunicativas das linguas viso-xestuais: a expresión e a interacción signada e a comprensión.

O obxectivo principal desta formación é o de fomentar un entorno accesible de comunicación interpersoal entre persoas xordas, con discapacidade auditiva, xordocegas e oíntes. Sensibilizar e difundir a cultura e lingua da comunidade xorda en diferentes ámbitos da vida diaria, e fomentar a empregabilidade da mocidade mellorando o seu currículo formativo.

Esta acción formativa está dirixida a mozos/as a partir dos 16 anos. O número máximo de prazas é de 15, establecéndose un mínimo de 8 alumnos/as para poder levarse a cabo.

Ao inicio do curso estableceranse os contidos que se desenvolverán.

Esta acción formativa será impartida por profesorado con acreditada experiencia docente. Ao remate da mesma o alumnado recibirá un diploma acreditativo en caso de superar con éxito o curso.

No seguinte cadro queda reflectido de maneira orientativa a estrutura do curso, o número de horas semanais, o lugar de realización e o número de prazas estimadas.

CURSO	LUGAR	HORAS/SEMANA	Nº PRAZAS
BÁSICO DE LINGUAXE DE SIGNOS ESPAÑOLA (30H)	BERTAMIRÁNS OU MILLADOIRO (Casas da Cultura, Pazo da Peregrina, Centro de Formación, etc)	Entre 2 e 4 (horario por determinar)	15

## LOTE nº3.- MÁIS QUE 2.0 (CICLO FORMATIVO DE EMPRENDEMENTO XUVENIL)

Comprende un variado ciclo de formación composto por obradoiros formativos de distintas temáticas de interese que lles permita á mocidade mellorar o seu perfil profesional e persoal. Trátase dunha formación teórico-práctica fortemente aliñada aos últimos cambios experimentados nos modelos de formación centrados no traballo e aprendizaxe do alumnado.

A pretensión deste ciclo é que o alumnado adquira as ferramentas necesarias para romper a brecha dixital e aprender a incorporar as tecnoloxías como clave para deseñar o seu perfil profesional. Dentro do mesmo contéplanse 3 obradoiros formativos de aproximadamente 8 horas cada un, con temáticas encamiñadas a actualizar os usos 2.0: community manager, deseño de marca persoal, o mundo das apps, marketing dixital, coaching para a xestión do tempo, emprendemento xuvenil na rede,...

Os obxectivos do ciclo formativo son principalmente descubrir as ferramentas e técnicas para deseñar o propio percorrido profesional, ser capaces de desenvolver novas habilidades para o crecemento persoal e profesional, e adquirir competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) para sacarlle partido ás redes.

Este ciclo está dirixido a mozos/as a partir dos 16 anos. O número máximo de prazas é de 15 por obradoiro, establecéndose un mínimo de 8 alumnos/as para poder levarse a cabo.

Ao inicio do curso estableceranse os contidos específicos que se desenvolverán.

Será impartido por docentes con acreditada experiencia como formadores/as en emprendemento.

Ao remate de cada obradoiro o alumnado recibirá un diploma acreditativo en caso de superar con éxito o curso.

No seguinte cadro queda reflectido de maneira orientativa a estrutura do ciclo, o número de horas semanais, o lugar de realización e o número de prazas estimadas.

CICLO FORMATIVO: MÁIS QUE 2.0			
TEMÁTICA OBRADOIROS FORMATIVOS (24H)	LUGAR	HORAS/SEMANA	Nº PRAZAS
MARCA PERSOAL (8H)	BERTAMIRÁNS OU MILLADOIRO (Casas da Cultura, Pazo da Peregrina, Centro de Formación, etc)	Entre 1 e 4 (horario por determinar)	15
MARKETING DIXITAL (8H)	BERTAMIRÁNS OU MILLADOIRO (Casas da Cultura, Pazo da Peregrina, Centro de Formación, etc)	Entre 1 e 4 (horario por determinar)	15
EMPRENDEMENTO XUVENIL (8H)	BERTAMIRÁNS OU MILLADOIRO (Casas da Cultura, Pazo da Peregrina, Centro de Formación, etc)	Entre 1 e 4 (horario por determinar)	15

#### LOTE nº4.- ENGLISH TODAY!

Este curso consiste nunha formación práctica do inglés para o día a día, coa finalidade de obter unha comunicación e comprensión extensa do idioma e poder aplicalo en diferentes contextos e situacións reais da vida diaria (unha entrevista de traballo, unha viaxe, un día de compras, un hospital...)

Ao longo do curso traballarase de xeito práctico e entretido o inglés oral e escrito, para reforzar ámbalas dúas disciplinas e poder desenvolverse sen dificultade nunha conversa. O obxectivo do curso é coñecer o significado e a pronunciación das palabras necesarias para enfrontarse a unha conversa en situacións cotiás en inglés.

Esta acción formativa está dirixida a mozos/as a partir dos 16 anos. O número máximo de prazas é de 10 por curso, establecéndose un mínimo de 6 alumnos/as para poder levarse a cabo.

Será impartida por docentes coa formación específica en lingua inglesa e acreditada experiencia formadora. Ao remate da mesma o alumnado recibirá un diploma acreditativo en caso de superar con éxito o curso.

No seguinte cadro queda reflectido de maneira orientativa a estrutura do curso, o número de horas semanais, o lugar de realización e o número de prazas estimadas.

2 CURSOS	LUGAR	HORAS/SEMANA	Nº PRAZAS
ENGLISH TODAY! (40H)	BERTAMIRÁNS (Casa da Cultura, Pazo da Peregrina, Centro de Formación, etc)	Entre 2 e 4 (horario por determinar)	10
ENGLISH TODAY! (40H)	MILLADOIRO (Casa da Cultura, etc)	Entre 2 e 4 (horario por determinar)	10

## LOTE nº5.- REFORZO EDUCATIVO

Con este programa de reforzo educativo preténdese favorecer o desenvolvemento de actividades que proporcionan unha formación integral ao alumnado, optimizando os recursos infraestruturais e os tempos extraescolares na adquisición de competencias básicas, en definitiva, procurando a mellora do éxito escolar dos mozos e mozas de Ames.

Esta actividade está destinada principalmente ao alumnado de 1º e 2º de ESO, permitindo ao alumnado participante establecer durante o curso académico uns hábitos de traballo, un seguimento e un ritmo diario nos seus estudos.

Nestes cursos traballarase o apoio educativo nas diferentes materias, a resolución de dúbidas, a preparación de probas e traballos académicos, e a impartición de actividades específicas de motivación ao estudo encamiñadas a potenciar o rendemento académico do alumnado, etc.

Establécense dúas áreas de formación (letras e ciencias), polo que cada alumno/a de reforzo pode inscribirse nun área ou nas dúas, segundo as súas necesidades formativas. Hai 12 prazas por área, polo que entre os dous cursos suman 48 prazas por centro educativo. Establécese un mínimo de 5 alumnos/as por curso e área para poder levarse a cabo.

As clases desenvolveranse no IES do Milladoiro e no IES de Ames en Bertamiráns, no horario acordado entre o centro educativo e o concello, comezando normalmente no mes de xaneiro e rematando a mediados de xuño (agás festivos).

Os IES serán os encargados de derivar ao alumnado que segundo as súas particularidades, teñan unha maior necesidade de participar nestas clases, sempre que se conte coa presente autorización familiar.

As fichas de inscrición recolleranse e devolveranse cumprimentadas e asinadas na secretaría do propio centro educativo.

Poderase ofertar a outros cursos, sempre que exista demanda xustificada dende os centros educativos e estea previamente acordado co concello.

Iníciase no mes de xaneiro ata metade de xuño, sempre que sexa posible, adicando 2 horas semanais por curso en cada centro educativo (unha hora adicada aos contidos de ciencias, e unha hora adicada aos contidos relacionados coa área de letras). A formación estará a cargo de docentes cualificados coa correspondente titulación oficial, que garantan a calidade da formación.

No seguinte cadro queda reflectido de maneira orientativa a estrutura do programa para 1º e 2º de ESO (conservaríase a mesma estrutura en caso de modificar ou ampliar cursos sempre co acordo do centro educativo e o concello), o número de horas semanais, o lugar de realización e o número de prazas estimadas.

REFORZO EDUCATIVO	LUGAR	HORAS/SEMANA	Nº PRAZAS
IES AMES (90H)	AULAS IES	4 (1h de letras e 1h de ciencias para 1ºESO, e 1h de letras e 1h de ciencias para 2º ESO) (horario por determinar)	48 (12 por área e curso)
IES MILLADOIRO (90H)	AULAS IES	4 (1h de letras e 1h de ciencias para 1ºESO, e 1h de letras e 1h de ciencias para 2º ESO) (horario por determinar)	48 (12 por área e curso)

## LOTE nº6.- CURSO HOMOLOGADO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE

O título de monitor de tempo libre é unha formación de utilidade para a mocidade que capacita para deseñar, programar e pór en práctica ou avaliar actividades para o tempo libre ou socioculturais, orientadas á infancia, á mocidade, aos maiores ou ás persoas con necesidades especiais. Os contidos deste curso abarcan áreas como psicoloxía, dinámicas de grupo, xogos no tempo de lecer, educación ambiental, saúde, etc.

O curso será impartido por unha escola de tempo libre, con persoal con titulación no eido do tempo libre e titulacións específicas relativas aos bloques de contidos a impartir.

A escola debe estar inscrita obrigatoriamente no Rexistro de Entidades xuvenís de Galicia.

O curso consta de 350h (200h teóricas e 150 prácticas). A parte teórica desenvolverase en instalacións municipais en horario intensivo de fins de semana (10 horas/día). As características do curso rexeranse segundo unhas bases previas á súa convocatoria (requisitos do alumnado, programa docente, fases do curso e avaliación).

Este curso (as características da formación e estrutura do mesmo, as escolas autorizadas a impartila, a docencia,...) seguirá as directrices marcadas no Decreto 50/2000 (do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude), no Decreto 58/2012 (do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior) e a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

Todos os materiais necesarios para o bo desenvolvemento do curso serán aportados pola escola. Nin o concello nin a escola de tempo libre teñen a obriga de xestionar e adxudicar as prácticas do alumnado (150h repartidas segundo o establecido na lexislación arriba indicada), pero facilitaremos a inclusión do mesmo en proxectos de tempo libre da contorna aos que teñamos acceso. O número máximo de prazas é de 20, establecéndose un mínimo de 10 alumnos/as para poder levarse a cabo.

No seguinte cadro queda reflectido de maneira orientativa a estrutura do curso, o número de horas semanais, o lugar de realización e o número de prazas estimadas.

CURSO	LUGAR	HORAS/SEMANA	Nº PRAZAS
CMTL (350H)	BERTAMIRÁNS OU MILLADOIRO (Casas da Cultura, Pazo da Peregrina, Centro de Formación, etc)	Arredor de 20h (intensivo de fins de semana). (Horario por determinar)	20